



CICLO SUPERIOR DE PAISAXISMO E MEDIO RURAL

RÉXIME MODULAR/ADULTOS A DISTANCIA

O Ciclo formativo de Grao Superior de Paisaxismo e Medio Rural proporciona os coñecementos necesarios para realizar proxectos de xardín e zonas verdes e xestionar a produción de plantas e a produción agrícola, supervisando os traballos, programando e organizando os recursos materiais e humanos dispoñibles, aplicando criterios de rendabilidade económica e cumprindo coa normativa ambiental, de produción ecolóxica, de produción de viveiro, de control de calidade, de seguridade alimentaria e de prevención de riscos laborais.

MÓDULOS	
1º Curso	2º Curso
1. Botánica agronómica. 80 horas 2. Xestión e organización do viveiro. 213 horas 3. Fitopatoloxía. 107 horas 4. Topografía agraria. 107 horas 5. Maquinaria e instalacións agroforestais. 186 horas 6. Conservación de xardíns e céspedes deportivos. 160 horas 7. Formación e orientación laboral. 107 horas	8. Planificación de cultivos. 193 horas 9. Xestión de cultivos. 209 horas 10. Deseño de xardíns e restauración da paisaxe. 175 horas 11. Empresa e iniciativa emprendedora. 53 horas 12. Proxecto de paisaxismo e medio rural. 26 horas 13. Formación en centros de traballo. 384 horas

DURACIÓN

Dous cursos académicos que equivalen a 2000 horas dentro das que se inclúen 26 correspondentes ao Proxecto de Paisaxismo e Medio Rural e 384 correspondentes ao módulo de Formación en Centros de Traballo-FCT.

O réxime modular permite que o alumnado deseñe o seu propio itinerario formativo xa que a matrícula faise por módulos, cumprindo coa normativa de non superar as 1000 horas por curso académico. O tempo mínimo de duración par acadar a titulación é de dous anos e un trimestre, este último para desenvolver o módulo de FCT e o de Proxecto.

TITULACIÓN

Técnico/a Superior de Paisaxismo e Medio Rural.

SAÍDAS PROFESIONAIS

Exercer a actividade na área de xestión en grandes, medianas e pequenas empresas, públicas ou privadas, tanto por conta allea como por conta propia, adicadas á instalación, restauración e mantemento de parques e xardíns, restauración da paisaxe, produción agrícola convencional ou ecolóxica e produción de sementes e plantas en viveiro.



Organizar, controlar e realizar tratamentos fitosanitarios segundo a actividade regulada pola normativa vixente.

Pódese consultar máis información sobre o proceso de admisión a ciclos formativos e outros aspectos da formación profesional na web da Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional

